

O Lectorado de Galego da USAL convoca o:

IX CERTAME DE NARRACIÓN CURTA EN LINGUA GALEGA

1º premio: 480 €

2º premio: 360 €

3º premio: 240 €

BASES:

1. Poderá participar calquera persoa residente (habitual ou temporalmente) na comunidade castelá-leonesa que se sinta atraída pola cultura galega, con independencia da súa nacionalidade, nivel de estudos ou idade.
2. Os traballos presentados deberán estar escritos en lingua galega, axustándose á normativa oficial da RAG, e seren orixinais e inéditos. O/A autor/a garantirá esta circunstancia no caso de resultar gañador/a.
3. O prazo de presentación dos orixinais finalizará o día 25 de abril de 2010.
4. Os textos deberán ter unha extensión mínima de 6 folios e non poderán superar os 10 folios.
5. Os orixinais, escritos por unha soa cara, presentaranse por triplicado, en Din A4, a dobre espazo interlineal e con letra corpo 12.
6. Non poderán concursar os autores premiados en dúas edicións consecutivas ata dous anos despois de que lles fose concedido o último premio.



7. Os orixinais, asinados cun lema ou pseudónimo, enviaranse en sobre pechado sen remite. No interior, dentro dun sobre máis pequeno, tamén pechado, figurarán os datos do concursante (nome e apelidos, título do traballo e lema utilizado, enderezo, teléfono, fotocopia do DNI, número de conta corrente e xustificante da residencia para o curso 2009-2010). No exterior deste sobre indicaranse o título e mais o lema. Os orixinais deben dirixirse a:

Universidad de Salamanca
Facultad de Filología.
Lectorado de Galego
A/A: Xandra Santos Palmou
Plaza de Anaya, s/n.
37008 Salamanca

8. O xurado estará composto por tres membros propostos pola comisión organizadora. A entrega de premios realizarase en maio de 2010, mes do *Día das Letras Galegas*. O ditame do xurado será dado a coñecer con anterioridade a esta data.

9. O xurado poderá declarar algún premio deserto e, de ser o caso, a súa contía poderá ser acumulada aos outros.

10. O Lectorado de Galego resérvase o dereito a xestionar a publicación dos traballos premiados.

*A participación no Certame supón a aceptación das presentes bases e da decisión do xurado,
que será inapelable.*



UNIVERSIDAD
DE SALAMANCA



Centro de Estudos Galegos
Área de Filoloxías Gallega y Portuguesa
Universidad de Salamanca



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística